



BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA, PERILLO
Mércores, 20 de novembro, ás 19 h

PRESENTACIÓN DA NOVELA de
ANA PILLADO VEGA



Fotografía realizada por Gaila Gaia

“EN EFECTO BOLBORETA”

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO** ▼
<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>
Síguenos en twitter @bibloleiros

■ Biblioteca Rosalía de Castro. Santa Cruz: 981 626 338
■ Biblioteca Central Rialeada: 981 639 511
■ Teléfono do Veciño: 981 610 000



Bibliotecas Públicas
Municipais
Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

EN EFECTO BOLBORETA



Ana Pillado Vega



A presentación correrá a cargo da poeta Pilar Pallarés e da propia autora Ana Pillado Vega, acompañadas da interpretación musical de María Giménez, do grupo Manseliña, que interpretará cancións da serea Atlántida, unha das protagonistas da novela.

“EN EFECTO BOLBORETA” é unha obra publicada pola editorial Fervenza. Trátase dunha fábula de xénero fantástico, dirixida a mozas/os e adultas/os, que recolle a crónica da Revolución da Bicharada.

A Gran Irmandade Lepidóptera, o colectivo de xoaniñas agricultoras biodinámicas, as 'Skornagirls' (vacalouras ciberpunks activistas da guerrilla da comunicación), a Rede Arácnida Galega, unidas ás fadas, mouras, meigas e figuras lendarias, como a raíña Lupa, inician unha revolta a prol de salvagardar o Medio Ambiente e deter a deriva de desastres ecolóxicos que conducen ao biocidio.

“EN EFECTO BOLBORETA” pretende contribuír á creación dun imaxinario que, fronte ás múltiples visións apocalípticas e distópicas do futuro, presenta a posibilidade de horizontes máis esperanzadores e mesmo eutópicos, desde unha perspectiva ecofeminista.

Desde as bibliotecas municipais invítase a todas as persoas que desexen asistir a gozar coa palabra e a música.